

## REGULAMENTO DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(aprobado en consello de goberno do 22.01.2019, modificado en consello de goberno do 30.07.2025)

[Texto consolidado]

### PREAMBULO

Dentro do estipulado polos artigos 2 e 5 dos Estatutos da Universidade no que atinxe á transferencia de coñecemento á sociedade e á promoción da difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura no seo da sociedade, a Vicerreitoría de Investigación propón un regulamento que rixa o funcionamento do Servizo de Publicacións e que poña ó día tódalas cuestións normativas que o regulamento vixente aínda non contemplaba.

Neste senso, o presente Regulamento pretende ser máis operativo e sinxelo que o precedente, seguindo o estilo de normativas actuais que rexen servizos semellantes noutras universidades do estado. Divídese en catro Títulos: Título Primeiro, Natureza e fins; Título Segundo, Organización; Título Terceiro, Actividade editorial; e Título Cuarto, Réxime económico e financeiro. Regúlase a organización do servizo, cunha Dirección e unha Comisión de Publicacións. Doutra banda, regúlase a actividade editorial, concretando os tipos de traballos que se van a publicar e o relativo aos contratos de edición. Por último prevese a inclusión no Orzamento Universitario dos recursos correspondentes ao Servizo.

## TÍTULO 1

### NATUREZA E FINS

#### Artigo 1

O Servizo de Publicacións é o responsable na Universidade de Vigo da edición, comercialización e intercambio de libros, revistas e outro material editorial. Ten como funcións principais a edición, difusión e intercambio do labor investigador realizado na Universidade e doutras obras de interese cultural e científico e pode realizar, adicionalmente, traballos de imprenta. A este servizo correspóndelle o desenvolvemento e realización de edicións de libros, monografías e publicacións periódicas. Unha comisión presidida pola persoa que desempeña a dirección do Servizo e formada por representantes do profesorado, do alumnado e do persoal de administración, establecerá a prioridade nas edicións e velará pola eficacia e calidade do Servizo. A edición, distribución, intercambio e venda de publicacións da Universidade de Vigo correspóndelle en exclusiva a este servizo, agás que o Consello de Goberno autorice expresamente outra cousa. O Servizo é a editorial da Universidade e o seu principal selo editorial a efectos legais e de nome comercial. Está adscrito á Vicerreitoría de Investigación.

## TÍTULO 2

### ORGANIZACIÓN

#### Artigo 2

O Servizo ten dous órganos de goberno: A Dirección e a Comisión de Publicacións.

#### Artigo 3

O director ou directora do Servizo desempeña a representación do Servizo e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste. Será nomeado polo reitor ou reitora e será persoal fixo da Universidade de Vigo. Velará pola boa xestión e aproveitamento dos recursos postos a disposición do Servizo.

#### Artigo 4

Son funcións da Dirección:

- a) Coordinar e dirixir as actividades do Servizo.
- b) Convocar a Comisión de Publicacións.
- c) Elaborar as previsións orzamentarias e executar o orzamento de ingresos e gastos do Servizo.
- d) Elaborar e propoñer á Comisión a política editorial do Servizo.
- e) Redactar a Convocatoria anual de Publicacións de Monografías e Manuais para a súa remisión á vicerreitoría con competencias en investigación e publicación correspondente.
- f) Contratar e ordenar impresións de acordo coas directrices da Comisión de Publicacións.
- g) Levar a cabo as edicións de carácter institucional.
- h) Propor modificacións de persoal do Servizo, así como a adquisición de equipamento e material, de acordo cos orzamentos.
- i) Xestionar os sistemas de comercialización e distribución do fondo editorial.
- j) Aprobar as liñas xerais sobre o límite de tiraxes e prezo de venda dos materiais.
- k) Asesorar á Reitoría e á comunidade universitaria en materia de elaboración de material impreso.
- l) Encarga-las xestións pertinentes para a obtención dos ISBN, ISSN e outras licenzas relativas ós novos formatos electrónicos de publicación para o publicado polo Servizo, así como a xestión do seu Depósito Legal.

#### Artigo 5

A Comisión de Publicacións está formada polas seguintes persoas: Presidencia: O director ou directora do Servizo

Secretaría: O xefe ou xefa de Negociado do Servizo Vogais:

Tres persoas pertencentes ó PDI do ámbito Humanístico-Artístico / Xurídico-Social  
Tres persoas pertencentes ó PDI do ámbito Tecnolóxico-Científico

Tres persoas pertencentes ó estudantado de Mestrado ou Doutoramento.

Procurarase que na selección dos vocais estean representados ós tres campus da Universidade de Vigo. Estes vogais serán propostos pola persoa que desempeñe a dirección do Servizo, ratificados polo Consello de Goberno e nomeados polo reitor ou reitora por un período de catro anos prorrogable unha soa vez.

## **Artigo 6**

Son funcións da Comisión de Publicacións:

- a) Establecer os criterios de política editorial da Universidade.
- b) Asesorar á Dirección na elaboración da Convocatoria anual de Publicacións de Monografías e Manuais.
- c) Asesorar á Dirección naqueles aspectos editoriais que considere oportuno. Revisar as propostas e velar pola súa calidade de cara a súa publicación. Dada a súa composición, por ámbitos de coñecemento, a Comisión ten o carácter propio de Comité editorial e científico do Servizo de Publicacións da Universidade.
- d) Aceptar ou rexeitar orixinais remitidos para a súa publicación, tras analizar os contidos, os informes que os acompañan e os que se soliciten, así como o orzamento do Servizo.
- e) Establecer a prelación de publicación dos orixinais aceptados.
- f) Aprobar a creación ou supresión de coleccións, revistas e demais produtos editoriais.
- g) Actuar como comisión asesora da Reitoría en materias relacionadas coa actividade editorial.
- h) Propor cantas iniciativas de carácter editorial considere oportunas para a boa marcha do Servizo.

## **Artigo 7**

A Comisión de Publicacións actuará en pleno e será convocada pola presidencia mediante comunicación persoal a cada un dos membros cunha antelación mínima de 72 horas. Reunirse alomenos dúas veces ó ano. De cada sesión da Comisión a persoa que desempeñe a secretaría redactará a acta pertinente.

## **TÍTULO 3**

### **ACTIVIDADE EDITORIAL**

## Artigo 8

O Servizo levará a cabo a edición de:

- a) Edicións de carácter institucional que poderán ser editadas ou ben soamente pola Universidade de Vigo ou ben realizadas en réxime de coedición con outras institucións nacionais ou estranxeiras. A financiación das coedicións poderá ser compartida ou mesmo asumida parcial ou totalmente polas institucións que coediten coa Universidade de Vigo.
- b) Monografías, manuais e revistas da Universidade de Vigo aprobadas pola Comisión de Publicacións.
- c) Os traballos aprobados pola Comisión, que serán financiados ou cofinanciados polo Servizo.
- d) Os traballos financiados e avalados academicamente por centros ou departamentos.
- e) Publicacións de actas de congresos ou reunións organizadas por centros, departamentos ou institutos da Universidade de Vigo. Os organizadores serán responsables da calidade da publicación e financiarán o 100% do custo da edición. Estas propostas tamén serán aprobadas pola Comisión de Publicacións.
- f) catálogo dos seus fondos, que estará ó dispor dos usuarios en edición en liña na web do Servizo.

## Artigo 9

O Servizo fomentará especialmente as publicacións en ámbitos que a Universidade de Vigo considere estratéxicos, especialmente no eido das titulacións propias co gallo de promover a investigación levada a cabo na nosa institución e darlle relevancia.

## Artigo 10

Os contratos de edición serán asinados polo Vicerreitor ou Vicerreitora de Investigación a proposta da Dirección do Servizo e especificarán as condicións de edición establecidas na lexislación vixente.

## Artigo 11

O Servizo realizará o intercambio interuniversitario dos seus libros e publicacións periódicas en colaboración coa Biblioteca Universitaria.

## TÍTULO 4

### RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

## Artigo 12

O Servizo de Publicacións será o órgano encargado de tramitar o recoñecemento dos dereitos de propiedade intelectual así como a xestión e explotación dos mesmos propondo a realización de

actos e negocios xurídicos para o desenvolvemento da actividade editorial da Universidade. Para isto contará co asesoramento legal do Servizo da Asesoría Xurídica da Universidade.

## **Artigo 13**

O Servizo de Publicacións non terá carácter lucrativo. Os recursos económicos que permitan levar a cabo e potenciar ó máximo as funcións do Servizo estarán recollidos no orzamento anual da Universidade de Vigo. O Director do Servizo deberá procurar, en virtude dos recursos económicos que dispoña, adecuar nos termos que sexan máis beneficiosos para a Universidade, a relación custo/calidade en cantos traballos editoriais encomende, co fin de que estes teñan a calidade e recoñecemento que a imaxe da Universidade de Vigo require. Anualmente, como estipule a normativa económica correspondente, o Servizo presentará a memoria de necesidades para a realización dos obxectivos editoriais e a liquidación do presuposto.

## **Disposición adicional**

Este regulamento poderá ser modificado polo Consello de Goberno por proposta da Comisión de Publicacións, cando as circunstancias así o aconsellen.

## **Disposición derogatoria**

Quedan derogadas tódalas normas de igual rango ou acordos aprobados polos órganos da Universidade de Vigo que contradigan o que aquí se establece.

## **Disposición derradeira**

Este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.